

O GOBERNO LOCAL APROBARÁ ESTE LUNS O RESCATE DO CONCELLO DE CUNTIS QUE CONLEVA A SUBA DE TAXAS E IMPOSTOS MUNICIPAIS

- *O rescate do Concello é o feito máis relevante da lexislatura, xa que compromete a situación financeira para a próxima década e é o resultado da demencial xestión económica do PSOE.*
- *Entre as medidas que contempla o Plan de Axuste atópanse: cobro pola prestación do servizo municipal de emerxencias, suba do IBI, cobro ao sector da hostalaría pola colocación de terrazas, incremento do IVTM, etc.*
- *Os veciños e veciñas de Cuntis pagaremos mediante a suba de taxas e impostos municipais as facturas que o PSOE acumula sen pagar, farémolo con intereses e nun contexto social de suba xeneralizada de prezos e dificultades económicas moi acentuadas.*

Cuntis, 18 de marzo de 2022

En sesión extraordinaria, o PSOE aprobará este luns o rescate financeiro e a conseguinte intervención do Concello de Cuntis por parte do Ministerio de Hacienda. En opinión de Veciñanza, este é **o feito máis relevante da lexislatura xa que compromete para a próxima década (o préstamo finaliza en 2034, aínda que pode ter cancelación anticipada) a situación económica do Concello de Cuntis**. Esta situación non é unha alternativa que escolla o goberno local, senón **unha intervención obrigada que o Ministerio de Hacienda impón a aqueles municipios que excedan o Periodo Medio de Pago a Provedores**, que a lei fixa en 30 días: o Concello de Cuntis multiplica case por dez este período (achégase aos 300). Isto vén provocado pola acumulación da débeda que a xestión económica do PSOE xerou sobre todo dende 2017, aínda que hai facturas pendentes de pago incluso dende anos anteriores.

O PSOE aprobará a **adhesión ao mecanismo extraordinario de pago a provedores do Ministerio para liquidar só unha parte da débeda pendente**: a que se acumula ata o 1 de xullo do ano pasado e por un total de 608.000 €. Farao mediante **un préstamo do que aínda non se coñece o tipo de interese**, pero que supón que os veciños e veciñas de Cuntis teñamos que asumir ese engadido por mor dos impagos do goberno socialista. A débeda xerada durante o segundo semestre de 2021 seguirá pendente de pago con facturas amontoadas na conta 413 da contabilidade municipal. Posto que o goberno municipal aínda non liquidou a conta xeral de 2021, esta cantidade é aínda descoñecida.





Consecuencia deste préstamo é a obrigada aprobación dun Plan de Axuste, que o Ministerio esixe para incrementar os ingresos e conter os gastos do Goberno Municipal. Entre as medidas que contempla este plan atópanse: **cobro pola prestación do servizo municipal de emerxencias, suba do IBI** (imposto de bens inmobles, tanto rústicos como urbanos), **cobro ao sector da hostalaría pola colocación de terrazas, incremento do IVTM** (imposto a vehículos de tracción mecánica), etc. En resumo: **os veciños e veciñas de Cuntis pagaremos mediante a suba de taxas e impostos municipais as facturas que o PSOE acumula sen pagar, e farémolo con intereses.**

A demencial xestión económica do PSOE levou ao Concello de Cuntis a unha **situación extrema**, como é o rescate e conseguinte intervención por parte do Estado. Para Veciñanza, que o vén advertindo durante toda a presente lexislatura, trátase dunha mostra de irresponsabilidade, arrogancia e incapacidade para a xestión. **O Goberno Local puido ter tomado medidas moito antes**, como reservar partidas de orzamentarias para o pago de facturas pendentes, a licitación dos servizos que actualmente están sen contrato, a redución dos gastos en publicidade e propaganda ou a actualización de ordenanzas fiscais.

A repercusión destas medidas non podía chegar en peor momento para os veciños e veciñas de Cuntis. Atravesamos un momento inflacionista a nivel internacional, con suba xeneralizada de prezos e dificultades económicas moi acentuadas tanto para as clases traballadoras como para as empresas. A irresponsabilidade do PSOE acentuará no noso municipio as dificultades do momento que atravesamos.

